



Nota de prensa

Concedido por Bureau Veritas

EROSKI OBTÉN O CERTIFICADO *CLEAN SITE* QUE DEMOSTRA AS BOAS PRÁCTICAS EN SEGURIDADE E LIMPEZA ANTE O COVID-19

- **Corroborar a axeitada implantación dos protocolos de limpeza e desinfección das instalacións e das medidas de seguridade pertinentes**

Elorrio, 23 de xullo do 2020.- [EROSKI](#) obtivo a [certificación *Clean Site*](#) de [Bureau Veritas](#) para o 100% das súas tendas. A finais do pasado maio comezou o proceso para certificar que nos seus establecementos se poñen en funcionamento correctamente os protocolos de limpeza e desinfección e as medidas de seguridade axeitadas para o persoal interno e mais para os clientes, fronte ao COVID-19. A avaliación realizada por Bureau Veritas analizou aspectos relativos á desinfección, seguridade e hixiene conforme á lexislación actual vixente derivada da pandemia e ás diversas recomendacións en materia preventiva das autoridades sanitarias autorizadas.

*"Dende o comezo da pandemia debiamos contar con contornos seguros para os nosos clientes e traballadores. Foron a nosa prioridade. A consecución do selo *Clean Site* outorgado por parte de Bureau Veritas, como terceira parte externa e independente, confirma que os protocolos de seguridade e a súa aplicación nas nosas tendas se están a facer de xeito correcto. Revisamos e reforzamos os procesos de limpeza das nosas instalacións, extremando a desinfección nos puntos críticos das tendas e implantamos medidas de prevención adicionais como o uso de pantallas de protección nas caixas de pagamento, a entrega de máscaras e pantallas faciais aos traballadores ou a implantación dun protocolo de control do número de persoas nas nosas tendas para manter a distancia mínima de seguridade fixada polas autoridades sanitarias co fin de preservar a seguridade",* explicou a directora xeneral de Rede Comercial de EROSKI, Rosa Carabel.

*"A consecución da certificación *Clean Site* pon de manifesto o compromiso de EROSKI cos seus equipos e clientes no reforzo da seguridade e limpeza das súas instalacións e tendas. Durante a auditoría que realizamos dende Bureau Veritas, puidemos comprobar a efectividade dos seus protocolos e a axeitada aplicación dos procesos de desinfección e limpeza nas súas tendas",* afirma a Directora de Certificación de Bureau Veritas España e Portugal, Mónica Botas.

Sobre Bureau Veritas








Bureau Veritas é líder mundial en probas de inspección, certificación e ensaios. O Grupo, creado en 1828, conta con preto de 78.000 empregados e cunha rede internacional de máis de 1.500 oficinas e laboratorios. Bureau Veritas axuda os seus clientes para melloraren o seu desempeño a través de servizos e solucións innovadoras, coa misión de garantir que os seus activos, produtos, infraestruturas e procesos cumpran cos estándares e regulacións de calidade, saúde e seguridade, protección ambiental e responsabilidade social. Bureau Veritas cotiza na bolsa Euronext París e pertence ao índice CAC Next 20.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e segundo operador de distribución alimentaria no Norte, concretamente nas rexións de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Aragón, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.645 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 32.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

Información:

<p>Bureau Veritas - Comunicación Tel: 91 270 97 92 comunicacion.swe@bureauveritas.com www.bureauveritas.com</p> <p>    </p>	<p>EROSKI Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214 comunicación@eroski.es Sala de prensa online</p> <p>OFICINA DE PRENSA – CONSEJEROS DEL NORTE JOANA G. LANDAZABAL / EDURNE IZQUIERDO Tel: 944 158 642</p>
--	---